



Segunda Convocatoria bolsas Erasmus + para CICLOS MEDIOS 2015/2016

Nigrán, 10 de Xuño de 2016

Obxecto da convocatoria

A presente convocatoria ten por obxecto fomentar que os estudantes dos ciclos formativos de grao medio do IES Escolas Proval realicen unha mobilidade a unha empresa europea co gallo de mellorar o seu desenvolvemento persoal, profesional e lingüístico.

Número de bolsas Erasmus +

O número de bolsas é de:

- 4 para alumnos do ciclo formativo de grao medio de **Sistemas de Telecomunicación e Informáticos**
- 3 para alumnos do ciclo formativo de grao medio de **Xestión Administrativa**

As bolsas son para a realización do módulo de FCT nunha empresa europea ou para facer prácticas en empresas os alumnos recentemente titulados.


Prazo de presentación de solicitudes

A solicitude da bolsa para a presente convocatoria poderá presentarse polos interesados ata o 27 de Xuño de 2016 inclusive.

Formalización de solicitudes e documentación

O formulario de inscrición pode descargarse da páxina web do centro en Programas Europeos / Erasmus + / Ciclos Formativos de Grao Medio

A solicitude debe entregarse na secretaría do IES Escolas Proval no prazo establecido.



A Coordinadora de Proxectos Europeos